

EDITORIAL: Comunicado de AGAMFEC ante as medidas do Ministerio de Sanidade

A Xunta Directiva de AGAMFEC, sociedade que engloba máis de 1000 médicos de familia de Galicia, quere manifestar a súa postura antes as medidas anunciadas polo goberno da nación para o recorte do gasto sanitario.

A primeira consideración é que calquera medida que diminúa a accesibilidade dos recursos sanitarios (e aumentar ou introducir pagamento polos medicamentos é unha diminución destes) ten unhas repercusións na saúde da poboación e esta debe ser avaliada para corrixir os efectos negativos que produzan.

En moitos estudos comprobouse a repercusión negativa das barreiras financeiras nos sectores máis desfavorecidos e nos máis necesitados de atención como son os pacientes crónicos.

Se esas barreiras se introducen coa suposta intención de regularizar os servizos ou diminuír a mala utilización destes, hai que dicir claramente que os pacientes non son expertos en saúde e a diminución do uso de servizos sanitarios afecta moitas veces por igual as necesidades importantes como superfluas; isto comprobouse tamén nos medicamentos pois detrae o consumo daqueles relacionados coa prevención antes que os do tratamento, cos resultados imaxinables.

A ponderación da porcentaxe de pagamento do medicamento en función da renda implica cuestións de difícil solución como é a renda declarada como medida de riqueza (en España, segundo

os datos de Facenda, as rendas dos asalariados son superiores ás dos empresarios). Polo que se partimos dun sistema (activos/pensionistas) que pode resultar en ocasións pouco equitativo, o imos substituír por outro menos equitativo aínda.

Cando defendemos a posibilidade doutro modelo, facémolo pensando noutras posibilidades de financiamento baseado na efectividade/achega terapéutica dos medicamentos, salvagardando os medicamentos esenciais.

Todas estas consideracións baséanse no noso coñecemento de experiencias previas da modulación da demanda en función do custo dos servizos, pois tamén entendemos que se o que se persegue é un afán recaudatorio, isto debería deixarse en mans dos expertos, que son os do Ministerio de Facenda, instancia adecuada para facer que paguen máis os que máisteñen.

Por último, pero non menos importante, a negativa a atender a pacientes inmigrantes, polo mero feito de non ter os papeis en regra, prodúcenos aos médicos de familia unha verdadeira colisión entre o noso código deontolóxico e ás directrices da nosa empresa. O certo é que nesa disxuntiva imos apostar pola ética antes que pola norma. En palabras do noso presidente:

“atendemos pacientes, non asegurados”

Jesús Sueiro Justel
Presidente de AGAMFEC